

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

12099 *Real decreto 968/2014, do 21 de novembro, polo que se desenvolve a metodoloxía para a fixación das porcentaxes de repartición das cantidades que se financiarán relativas ao bono social.*

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, recolle no seu artigo 45 os aspectos relativos aos consumidores vulnerables e determina que serán considerados como tales os consumidores de electricidade que cumpran coas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen mediante real decreto do Consello de Ministros. Así mesmo, establece que o bono social cubrirá a diferenza entre o valor do prezo voluntario para o pequeno consumidor e un valor base, que se denominará tarifa de último recurso, e será aplicado polo correspondente comercializador de referencia nas facturas dos consumidores que poidan quedar acollidos a el.

O Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación, regula no seu artigo 16 o prezo da tarifa de último recurso que deberán pagar ao comercializador de referencia os consumidores vulnerables pola electricidade consumida, e determina que o dito prezo será o que resulte de aplicar ao fornecemento o previsto para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor, descontando un 25 por cento en todos os termos que o compoñen.

O mencionado artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, regula, así mesmo, os aspectos relativos á repartición do custo do bono social. Así, configura como obriga de servizo público o bono social, segundo o disposto na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, e sinala que este será asumido polas matrices dos grupos de sociedades ou, se é o caso, sociedades que desenvolvan simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica.

Ademais diso, establécese que o mecanismo de determinación das porcentaxes de repartición das cantidades que se van financiar deberá ser calculado anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e sinala que o dito cálculo se fará de acordo co procedemento e condicións que se establezan regulamentariamente. Así mesmo, a citada comisión deberá publicar na súa páxina web a información que determina a norma e remitir unha proposta de fixación das porcentaxes de repartición de cada unha das sociedades. Ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo corresponderalle a súa aprobación por orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto, o presente real decreto ten como obxecto proceder ao desenvolvemento da previsión contida no punto 4 do artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no relativo ao procedemento e ás condicións para o cálculo da porcentaxe de repartición das cantidades que se van financiar relativas ao bono social, de forma que se garanta a súa realización de maneira equitativa e non discriminatoria.

De acordo co establecido no artigo 5.2.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sobre o disposto neste real decreto emitiu informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O trámite de audiencia foi realizado mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto establecer o método e as condicións para o cálculo das porcentaxes de repartición das cantidades que se van financiar relativas ao bono social, de acordo co disposto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Artigo 2. *Método de cálculo das porcentaxes de repartición.*

1. A porcentaxe de repartición das cantidades que se van financiar relativas ao bono social será calculada anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

De acordo co previsto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a porcentaxe de repartición das cantidades que se van financiar calcularase, para cada grupo empresarial, como a relación entre un termo que será a suma das medias anuais do número de subministracións conectadas ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras en que participe o grupo, e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de subministracións e clientes de todos os grupos empresariais que deben ser considerados para os efectos desta repartición.

2. Para realizar o cálculo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia seguirá o seguinte método:

a) Solicitude de información: a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia requirirá información ás empresas das cales teña constancia que realizan a actividade de distribución para efectos de determinar se as ditas empresas o 31 de decembro do último ano completo dispoñible no momento en que a dita comisión elabore a proposta de porcentaxes de repartición:

1.º Realizan, ademais da actividade de distribución, a actividade de produción de enerxía eléctrica e a actividade de comercialización.

2.º Son sociedades matriz dun grupo de sociedades en que sociedades do grupo realicen a actividade de produción de enerxía eléctrica e a actividade de comercialización.

3.º Forman parte dun grupo de sociedades no cal sociedades do grupo realicen a actividade de produción de enerxía eléctrica e a actividade de comercialización.

As empresas ás cales se lles solicitará información serán aquelas que se poidan encontrar en calquera das situacións descritas nos tres parágrafos anteriores.

Así mesmo, poderase requirir calquera outra información necesaria co fin de poder determinar a participación das sociedades nalgunha destas actividades.

b) Contraste da información obtida: unha vez obtida a información requirida de acordo co parágrafo a) anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contrastará a información declarada por cada unha das sociedades coa información de que dispoña a dita comisión para o exercicio das súas competencias.

No caso de que, como consecuencia da comprobación realizada, sexa necesario tomar en consideración datos que difiran dos achegados polas sociedades ou se teñan en conta outros distintos, a citada comisión tomará a información que considere adecuada, xustificándoo e sen prexuízo de que esta circunstancia se poña de manifesto aos interesados.

c) Identificación de sociedades: unha vez analizada a información dispoñible, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia identificará as sociedades matrices

dos grupos de sociedades, así como as sociedades que desenvolven simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica que deben asumir as cantidades relativas ao bono social, utilizando como criterio o disposto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 3 deste real decreto.

O elemento determinante para identificar os suxeitos obrigados, de acordo co anterior, será a realización das tres citadas actividades.

d) Cálculo da porcentaxe de financiamento: identificadas as sociedades, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará a porcentaxe de financiamento do bono social aplicable a cada matriz do grupo empresarial ou, se é o caso, sociedade cos seguintes datos, correspondentes ao 31 de decembro do último ano completo de acordo coa información que se dispoña segundo o punto anterior:

1.º Número de clientes das empresas comercializadoras en que participe o grupo empresarial ou da sociedade correspondente.

2.º Número de subministracións conectadas ás redes de distribución das empresas distribuidoras en que participe o grupo empresarial ou da sociedade correspondente.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar os datos e informacións que resulten necesarios para a aplicación do previsto no presente real decreto, que deberán ser proporcionados polas sociedades, nos termos e prazos que se establezan. O seu incumprimento rexeráse pola normativa aplicable, en concreto, polas disposicións da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Para iso, a citada comisión poderá, no exercicio das súas funcións e, en concreto, en virtude do artigo 7, punto 36, da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ditar as oportunas instrucións de desenvolvemento e de execución do presente real decreto.

4. Co fin de asegurar a adecuación da repartición ás concretas circunstancias do sector e posibilitar o seu público coñecemento e eventual control, a referida comisión publicará na súa sede electrónica, antes do 10 de novembro de cada ano, a seguinte información:

a) As medias anuais do número de subministracións conectadas ás redes de distribución das empresas distribuidoras.

b) As medias anuais do número de clientes das empresas comercializadoras.

c) A relación de grupos de sociedades ou, se é o caso, sociedades, que cumplan o requisito previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 3 do presente real decreto.

5. Unha vez identificadas as matrices dos grupos empresariais ou, se é o caso, sociedades que deben asumir o custo do bono social e realizado o cálculo da porcentaxe de repartición das cantidades relativas ao bono social, a citada comisión remitirá a súa proposta ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 1 de decembro do ano anterior a aquel en que corresponda fixar as porcentaxes para a súa aprobación por orde do ministro que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 3. *Condicións para o cálculo das porcentaxes de repartición.*

1. De acordo co disposto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o bono social será considerado obriga de servizo público segundo o disposto na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, e será asumido polas matrices dos grupos de sociedades ou, se é o caso, sociedades que desenvolvan simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica.

2. Para efectos de determinar a sociedade matriz dun grupo empresarial obrigado a asumir as cantidades relativas ao bono social, deberase observar o disposto no artigo 42.1 do Código de comercio.

Así mesmo, para identificar as sociedades que desenvolven simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica, haberá que averse ás actividades realizadas por estas durante o período de tempo de referencia establecido pola comisión.

3. Conforme o disposto nos puntos anteriores, as administracións públicas non se considerarán suxeitos obrigados a financiar o bono social.

4. No caso de empresas participadas por máis dunha sociedade matriz coa obriga de asumir o custo do bono social, asignaranse ás ditas sociedades matrices o número de clientes, se a empresa participada é comercializadora, ou o número de subministracións conectadas ás redes de distribución, se a empresa participada é unha empresa distribuidora, de forma proporcional á súa participación.

Este mesmo criterio será de aplicación no caso de empresas participadas por unha sociedade matriz coa obriga de asumir o custo do bono social e outros suxeitos sen a obriga de financiamento do bono social.

Se a empresa participada é, pola súa vez, suxeito obrigado, soamente terá a obriga sobre a porcentaxe de clientes ou subministracións non incluídas nas participacións xa contabilizadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O Ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ